XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL
Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
Xacobeo 21·22

CPI de Cervantes

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: **CPI de Cervantes**
Dirección: Rúa dos colexios s/n San Román de Cervantes
Correo: cpi.cervantes@edu.xunta.gal
Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/cpicervantes
Etapas educativas: EI, EP e ESO
Nº de alumnado curso 2021/22: 31 alumnos
Nº profesorado curso 2021/22: 13 profesores

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro.**
  O CPI de Cervantes está situado en San Román de Cervantes, capitalidade do Concello de Cervantes, na bisbarra da montaña da provincia de Lugo. É o único centro educativo que queda neste concello, e imparte toda a ensinanza obrigatoria (Infantil, Primaria, ESO)
  O tipo de poboación en que se asenta esta comunidade educativa é eminentemente rural, diseminada en aldeas de media-alta montaña e substrato agrícola-gandeiro.
  A situación económico-social xeral das familias do alumnado pódese considerar de tipo medio-baixo, de acordo cos valores medios establecidos a nivel nacional.
  O CPI leva xa máis de 40 anos de funcionamento e o nivel cultural das familias pódese considerar medio-baixo, con fala galega predominante e formación primaria, con excepcións.
  A preocupación pola educación dos seus fillos e a achega participativa a esta comunidade educativa non é unha constante en moitas familias, que continúan sen darlle á escola a importancia que ten.
- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.**
  O PD axudará no desenvolvementos dos proxectos do centro sobre todo con aqueles que esteñan relacionados coas novas tecnoloxías.
- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**
  O PD axudará a unha dixitalización do centro e da comunidade educativa polo que será incluído na PXA e así poderemos facer un mellor seguimento do mesmo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en ralación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O inicio do Plan Dixital foi facendo unha reunión co equipo docente para establecer os integrantes do equipo de dinamización do Plan Dixital do centro.

Posteriormente pasamos a analizar a competencia dixital no centro empregando ferramentas de avaliación e diagnose: SELFIE e Test CDD.

A partir dos datos obtidos establecemos o informe DAFO, co que conseguimos definir os obxectivos e as accións a desenvolver, o plan de acción.

Todo xunto, e engadindo breves descricións, formará o Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:
  - Cableado do centro: acceso a Internet desde unha conexión por banda ancha fixa (cables de fibra óptica ou cobre)
  - Conectividade: temos unha velocidade media de 80 Mbps
  - Infraestruturas de voz e de datos:
    - Conexións cableadas: banda ancha fixa con cables de cobre
    - Conexións sen fíos: tecnoloxía 802.11

- Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:
  - Aulas dixitalizadas:
    - Infantil:
      equipamento infantil: PDI e ordenador portátil
    - Primaria:
      equipamento 1º ciclo: PDI e ordenador de sobremesa
      equipamento 2º ciclo: PDI e ordenador de sobremesa
    - Secundaria:
      equipamento 1º ESO: PDI e ordenador portátil E-Dixgal
      equipamento 2º ESO: PDI e ordenador portátil
      equipamento 3º ESO: PDI e ordenador portátil
      equipamento 4º ESO: PDI e ordenador portátil

  - Proxecto E-Dixgal:
    - Aula de 1º ESO

  - Postos de traballo de xestión e administración:
    - Dirección: ordenador de sobremesa e impresora
    - Xefatura de estudos: ordenador de sobremesa e impresora
    - Secretaría: ordenador de sobremesa e impresora
    - Administración: ordenador de sobremesa

  - Uso na biblioteca:
    - Xestión: ordenador de sobremesa e impresora
    - Consulta: 1 ordenador portátil

  - Equipos para uso nas salas de profesorado
    - Posto 1: ordenador de sobremesa
    - Posto 2: ordenador de sobremesa
    - Posto 3: ordenador de sobremesa e impresora

- Equipos para uso nos departamentos:
  - Lab. Bioloxía: Canón e ordenador de sobremesa
  - Taller Tecnoloxía: PDI e ordenador de sobremesa
  - Aula de Reforzo: ordenador de sobremesa

- Equipos ultraportátiles para aula móbil:
  - Equipamento alumnos 1º ESO: 4 ordenadores E-Dixgal
  - Equipamento de reserva: 1 ordenador E-Dixgal
  - Equipamento profesores: 7 ordenadores E-Dixgal

- Aulas de informática:
  - Posto profesor: Canón e ordenador de sobremesa
  - Postos alumnos: 10 ordenadores de sobremesa

- Dotacións para proxectos específicos.
  - Non temos equipamento neste sentido

- Servizos dixitais educativos:
  - Correo corporativo
  - Páxina web do centro
  - Aula virtual
  - E-Dixgal
  - Abalarmóbil

- Xestión do mantemento do equipamento do centro.
  - Equipamento dado pola Consellería: Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
  - Equipamento adquirido polo centro: coordinador TIC e contratación externa de empresas de mantemento ao non ter servizo de soporte e asistencia informática de atención rápida.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	4,80	4,50
	Profesorado	4,20	4,10
	Alumnado	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	5,00	3,80
	Profesorado	3,80	3,90
	Alumnado	3,00	3,00
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,60	4,00
	Profesorado	3,70	3,50
	Alumnado	4,00	4,10
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5,00	4,20
	Profesorado	4,00	4,00
	Alumnado	-	-
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5,00	3,50
	Profesorado	4,00	3,80
	Alumnado	-	4,00
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5,00	3,80
	Profesorado	3,40	3,60
	Alumnado	2,70	4,00
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	5,00	2,60
	Profesorado	2,20	2,90
	Alumnado	-	3,30
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	5,00	3,90
	Profesorado	3,80	3,90
	Alumnado	4,00	4,00

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	7	11	63,6 %
PROVISIONAL	1	1	100 %
INTERINO	1	1	100 %
SUBSTITUTO	-	-	-
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	98	Experto/a (B2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	98	Experto/a (B2)	77	Integrador/a (B1)
ESO	75,7	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	5	55,6 %
B1	1	11,1 %
B2	2	22,2 %
C1	1	11,1 %
C2	-	-
TOTAL	9	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1- Infraestrutura ***Aproveitamento axeitado das infraestruturas (espazos/redes)*** C2 - Dispositivos dixitais para o ensino ***Dotación con dispositivos dixitais actualizados para o ensino a través do proxecto E-Dixgal ou o Plambe.*** C7 - Protección de datos ***Oferta do centro de formación e recursos de Lugo de cursos sobre a protección de datos.*** ***Desenvolvemento dun plan de formación permanente do profesorado que facilita o acceso a esta formación.*** C8 - Dispositivos dixitais para o aprendizaxe ***Dotación con dispositivos dixitais actualizados para o aprendizaxe a través do proxecto E-Dixgal.*** C10. Dispositivos propiedade do centro para o alumnado ***Protocolo axeitado e eficiente de distribución de dispositivos propiedade do centro para o alumnado.***	C3 - Acceso a internet ***Lentitude por parte da administración educativa respecto da actualización do equipamento tecnolóxico.*** ***Mala conectividade*** C5 - Asistencia técnica ***Demora na atención de averías de equipamento tecnolóxico por parte da administración*** C7 - Protección de datos ***Políticas de protección de datos insuficientes ou pouco claras*** C10. Dispositivos propiedade do centro para o alumnado ***Escasos dispositivos propiedade do centro para o alumnado***
	PERSOAL DOCENTE	A3 - Novas modalidades de ensino ***Introducción de formación sobre novas modalidades de ensino que implican o emprego das tics, por exemplo, a gamificación.*** ***O profesorado non se considera como conservador na adopción da tecnoloxía para a docencia e a aprendizaxe***	A3 - Novas modalidades de ensino ***Insuficiente tempo para formacións específicas e/ou xestión de repositorios propios.*** ***Profesorado insuficiente, sobre todo, en primaria.***

		"Late Majority" B2. Debate sobre o uso da tecnoloxía ***Comezamos a reflexionar sobre o emprego das TICs, e xa empezamos a formarnos dentro do Plan de Formación do Profesorado.*** B3 - Colaboracións ***Posibilidades que presentan as colaboracións con outras entidades*** D2 - Participación no DPC ***Posibilidades pola participación no DPC*** D3 - Intercambio de experiencias ***Interese polo intercambio de experiencias*** E1 - Recursos educativos en liña ***Motivación polo emprego de recursos educativos en liña*** E3. Emprego de entornos virtuais ***Posibilidades polo emprego de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado*** F1. Adaptación ás necesidades do alumnado ***Facilidade para adaptarnos ás necesidades do alumnado*** F3. Fomento da creatividade ***Fomento da creatividade*** F4. Inclusión do alumnado ***Inclusión do alumnado***	B1. Avaliación do progreso ***Descoñecemento da existencia de certificación en competencias dixitais*** D1 - Necesidades de DPC ***Insuficiente reflexión sobre as necesidades de DPC*** E2 - Creación de recursos dixitais ***Insuficiente creación de recursos dixitais para reforzar a labor da ensinanza*** E3. Emprego de entornos virtuais ***Insuficiente emprego de entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado*** E4. Comunicación coa comunidade educativa ***Insuficiente comunicación interna*** ***Non se contempla dentro do horario tempo adicado á comunicación*** G1 - Avaliación das capacidades ***Insuficiente emprego de tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado*** Outros; ***Insufuciente participación en proxectos interdisciplinares*** ***Insuficiente tempo para transladar á aula os cambios metodolóxicos***

		F5. Colaboración do alumnado ***Facilidade para a colaboración do alumnado na práctica docente*** F6 - Proxectos interdisciplinares ***Fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinais empregando tecnoloxías dixitais*** G3 - Retroalimentación adecuada ***Mellora polo emprego de tecnoloxías dixitais para facilitar a retroalimentación axeitada ao alumnado*** G5 - Autorreflexión sobre a aprendizaxe ***Posibilidades das tecnoloxías dixitais para facilitar que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe***	
	PERSOAL NON DOCENTE	D3 - Intercambio de experiencias ***Implicación do personal non docente no emprego de ferramentas dixitais na administración e xestión do centro.***	
	ALUMNADO	C8 - Dispositivos dixitais para a aprendizaxe ***Dotación con dispositivos dixitais actualizados para o aprendizaxe a través do proxecto E-Dixgal.*** C10. Dispositivos propiedade do centro para o alumnado ***Protocolo axeitado e eficiente de distribución de dispositivos propiedade do centro para o alumnado.*** H1 - Comportamento seguro ***Suficiente comportamento seguro do alumnado*** H3 - Comportamento responsable ***Suficiente comportamento responsable do alumnado***	C10. Dispositivos propiedade do centro para o alumnado ***Escasos dispositivos propiedade do centro para o alumnado*** G6 - Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo ***Non se empregan tecnoloxías dixitais para que o alumnado poda realizar observacións construtivas sobre o traballo dos demais*** H4 - Verificar a calidade da información ***Insuficiente dedicación ao tratamento da información*** H10 - Habilidades dixitais para diferentes materias

		H4 - Verificar a calidade da información ***Posibilidade para o alumnado de aprender a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa. Boa disposición da biblioteca escolar en traballar o tratamento da información.*** H7 - Creación de contidos dixitais ***Boa disposición ante a proposta de creación de contidos dixitais.*** H8. Aprender a comunicarse ***Coñecemento do alumnado do servizo de mensaxería da aula virtual do centro.*** H10 - Habilidades dixitais para diferentes materias ***Mellora da comunicación interna*** ***Emprego de recursos educativos abertos*** ***Unificación dos contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado*** H13 - Resolver problemas técnicos ***Interese por recoñecer e analizar problemas técnicos que xorden ao empregar tecnoloxías dixitais***	***Non é posible asegurar de que o alumnado desenvolva habilidades dixitais para diferentes materias*** H11 - Aprender a codificar programas ***O alumnado non aprende a programar ou codificar*** H13 - Resolver problemas técnicos ***O alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que xorden ao empregar tecnoloxías dixitais*** Outros; ***O alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet*** ***O feito de deixar traer equipos portátiles persoais pode levar a un agravio comparativo dado que a realidade é que non todo o alumnado ten recursos suficientes para mercalos.***
	FAMILIAS	E4. Comunicación coa comunidade educativa ***Boa disposición por parte das familias na participación en actividades e propostas do centro.***	E4. Comunicación coa comunidade educativa ***Uso insuficiente das ferramentas dixitais que permiten unha comunicación fluida coas familias (Abalar móbil)*** Outros: ***O feito de deixar traer equipos portátiles persoais pode levar a un agravio comparativo dado que a realidade é que non todo o alumnado ten recursos suficientes para mercalos.***
	OFERTA	A3 - Novas modalidades de ensino ***Máis posibilidades coas novas modalidades de ensino*** ***O profesorado non se considera como conservador na adopción da tecnoloxía para a docencia e a aprendizaxe***	Outros: ***Insuficiente tempo para formacións específicas e/ou xestión de repositorios propios*** ***Insuficiente tempo para transladar á aula os cambios metodolóxicos***

		"Late Majority"	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3 - Novas modalidades de ensino ***Máis posibilidades coas novas modalidades de ensino*** ***O profesorado non se considera como conservador na adopción da tecnoloxía para a docencia e a aprendizaxe "Late Majority"*** A2 - Desenvolvemento da estratexia co profesorado ***Posibilidade de desenvolvemento de estratexias con profesorado doutros centros educativos***	A1 – Estratexia dixital ***Non existe unha estratexia dixital*** B1. Avaliación do progreso ***Descoñecemento da existencia de certificación en competencias dixitais*** C5 - Asistencia técnica ***Asistencia técnica insuficiente*** Outros: ***Carencia de espazos físicos que faciliten a ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais***

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	C1- Infraestrutura ***Aproveitamento axeitado das infraestruturas (espazos/redes)*** C2 - Dispositivos dixitais para o ensino ***Dotar con dispositivos dixitais actualizados para o ensino*** Outros: ***Oferta de programas e proxectos para formación do profesorado*** ***A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade de mellora*** ***Posibilidade de solicitar á Consellería de Cultura, Educación e Universidade novo equipamento de xeito directo e/ou a través de distintos plans: edixgal, …*** ***Posibilidade de solicitar Plans de Formación do Profesorado vinculados con técnicas e ferramentas específicas, de avaliación tecnolóxica*** ***Ocasión de intercambio de experiencias no eido dixital con centros da contorna a partir de participación en Plans de Formación/convcoatorias oficiais***	C3 - Acceso a internet ***Lentitude por parte da administración educativa respecto da actualización do equipamento tecnolóxico.*** ***Mala conectividade*** C5 - Asistencia técnica ***Asistencia técnica insuficiente***
	LEXISLACIÓN	C7 - Protección de datos ***Oferta do centro de formación e recursos de Lugo de cursos sobre a protección de datos.*** ***Desenvolvemento dun plan de formación permanente do profesorado que facilita o acceso a esta formación.***	A5 - Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso ***Non se coñecen os dereitos de autos dos recursos*** C7 - Protección de datos ***Políticas de protección de datos insuficientes ou pouco claras*** Outros: ***Exceso de lexislación educativa e cambios continuos.*** ***O profesorado ten tanta carga burocrática que lle impide***

			adicar tempo a explorar novos métodos de ensinanza con tecnoloxías dixitais.
	CONTORNA	D3 - Intercambio de experiencias ***Participación en actividades organizadas en colaboración con outros centros educativos da Montaña e emprego de ferramentas dixitais tanto na comunicación como na exposición.*** Outros: ***A dixitalización está en auxe, e dende a pandemia moi aceptada e recoñecida socialmente***	Outros: ***O feito de deixar traer equipos portátiles persoais pode levar a un agravio comparativo dado que a realidade é que non todo o alumnado ten recursos suficientes para mercalos.*** ***Demora na atención de averías de equipamento tecnolóxico por parte da administración por atoparnos lonxe das grandes urbes***
	ANPA	E4. Comunicación coa comunidade educativa ***Boa disposición por parte da anpa en colaborar coas propostas do centro.*** E3. Emprego de entornos virtuais ***Boa disposición por parte da anpa en colaborar coas propostas do centro***	E4. Comunicación coa comunidade educativa ***Uso insuficiente de ferramentas de comunicación (abalar móbil)*** E3. Emprego de entornos virtuais ***Insuficiente oferta de formación para as familias que contribúan á mellora da súa competencia dixital, e facilite a colaboración entre a escola e as familias.***
	OUTRAS ENTIDADES	B3 - Colaboracións ***Posibilidades que presentan as colaboracións con outras entidades (CDR,)***	B3 - Colaboracións ***Insufuciente participación en proxectos interdisciplinares***

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Na secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO establecemos áreas prioritarias e determinamos os obxectivos (que son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estáncontextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Os indicadores e os seus valores de partida e de chegada son os que marcarán ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos.

Tamén determinamos as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentamos unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Liderazgo (A)						
OBXECTIVO 1	Garantir a dispoñibilidade horaria do profesorado interesado en participar nos PFPP (Item A4*)				**Acadado**	
Responsable:	Dirección				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Dificultade de dispoñibilidade horaria para a participación nos PFPP					
Valor de partida	Non hai dispoñibilidade horaria para a participación nos PFPP					
Valor previsto e data	Si hai dispoñibilidade horaria para a participación nos PFPP			Antes do claustro da entrega de horarios		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO1.1: Organizar horarios de acordo coa participación nos PFPP do profesorado interesado	Director/a	Antes do claustro da entrega de horarios	Xade Software de elaboración de horarios Lexislación relativa a este tema.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

*A4: tempo para explorar o ensino dixital

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Liderazgo (A)						
OBXECTIVO 2	Garantir a dispoñibilidade horaria de todo o profesorado do centro (profesorado insuficiente) (Item A4*)				**Acadado**	
Responsable:	Dirección				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Dificultade de dispoñibilidade horaria para o profesorado de infantil e primaria					
Valor de partida	Non hai dispoñibilidade horaria para o profesorado de infantil e primaria					
Valor previsto e data	Si hai dispoñibilidade horaria para o profesorado de infantil e primaria			Antes do claustro da entrega de horarios		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO2.1: Organizar horarios de acordo co profesorado adxudicado ao centro	Director/a	Antes do claustro da entrega de horarios	Xade Software de elaboración de horarios Lexislación relativa a este tema.		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

*A4: tempo para explorar o ensino dixital

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Liderazgo (A)						
OBXECTIVO 3	Non pagar por comisións bancarias ao usar a banca electrónica (Item B3*)				**Acadado**	
Responsable:	Secretario/a				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Acadamos eliminar (reducir nun 100%) as comisións bancarias ao realizar transferencias a través da banca electrónica					
Valor de partida	Pagamos entre 2,25€ e 2,45€ por cada transferencia que realizamos a outras contas que non son da mesma entidade					
Valor previsto e data	Custo cero de tódalas transferencias que realicemos pola banca electrónica			30 de setembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO3.1: Solicitar ás entidades bancarias información sobre o epígrafe co que teñen rexistrado o centro (empresa/adm. pública)	Director/a Secretario/a	9 de setembro de 2022	Correo electrónico remitido dende a conta oficial do centro ás entidades bancarias coas que traballamos. Texto de solicitude de datos de rexistro nas entidades.		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO3.2: Solicitar ás entidades bancarias o cambio de epígrafe (de ser o caso)	Director/a Secretario/a	16 de setembro de 2022	Modelo facilitado pola entidade bancaria ou redactado polas persoas responsables, remitido polos medios requeridos. De ser necesario farase referencia ao punto 3 do artigo 5 da ORDE do 2 de decembro de 2019		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO3.3: Por a irregularidade en coñecemento da Consellería de Facenda	Director/a	30 de setembro de 2022	Posta en coñecemento da Xefatura Territorial de Educación a través de correo electrónico. Conversa telefónica coa persoa responsable da Consellería de Facenda e posterior comunicación pola canle axeitada		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

*B3: No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais ó colaborar con outras organizacións.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo (D)						
OBXECTIVO 4	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características (Item D3*)				**Acadado**	
Responsable:	Dirección				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida	0 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23)					
Valor previsto e data	2 experiencias intercambiadas durante o curso 22/23)			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO4.1: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro	Dirección	31 de maio de 2023			**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO4.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros	Dirección	31 de outubro de 2022	Boletíns Webs doutros centros Redes sociais Congresos		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO4.3: Organizar/ participar/ divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros centros	Dirección	20 de xuño de 2023	Profesorado doutros centros que desenvolva experiencias interesantes e profesorado do centro que estea disposto a coñecelas		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

*D3: Intercambio de experiencias

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Pedagoxía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 5	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente (Item E2*)				**Acadado**	
Responsable:	Xefatura de estudos				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Nº de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP					
Valor de partida	Non aplica					
Valor previsto e data	4 recursos dixitais creados por docente			31 de marzo de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO5.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais	Equipo Directivo	31 de outubro de 2022			**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo	Xefe/a de Estudos Profesorado	20 de decembro de 2022	Software específico (de ser o caso)		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados ao currículo creados polo profesorado	Profesorado	31 de marzo de 2023	Recursos creados		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

*E2: Creación de recursos dixitais.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Pedagoxía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 6	Potenciar entre os docentes o uso de novas metodoloxías respecto da *"elaboración de textos"* empregando ferramentas dixitais, mantendo o equilibrio entre o tradicional e o innovador. (Item E2*)				**Acadado**	
Responsable:	Dirección				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Nº de docentes que inclúen entre as tarefas de aula a elaboración de textos dixitais (unha ou mais)					
Valor de partida	30 % de docentes inclúen entre as tarefas de aula a elaboración de textos dixitais (unha ou mais)					
Valor previsto e data	70% de docentes inclúen entre as tarefas de aula a elaboración de textos dixitais (unha ou mais)			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO6.1: Solicitar unha liña dentro do PFPP	Director/a	A indicada pola convocatoria dos PFPP	A convocatoria do PFPP FPROFE CFR		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO6.2: Formar ao persoal docente sobre a elaboración de textos dixitais	Xefe/a de Estudos Coordinador/a PFPP	31 de marzo de 2023	Grupo de traballo/seminario Aula virtual do centro		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO6.3: Incorporación á aula virtual de tarefas que que inclúan a elaboración de textos dixitais	Profesorado	20 de xuño de 2023	Aula virtual do centro Tarefas con tipo de entrega de **texto en liña** ou similares (glosarios, entradas de blog, foros, H5p, ...)		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

*E2: Creación de recursos dixitais.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Pedagoxía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 7	Definir unha ***canle de comunicación interna dixital*** que permita o intercambio de mensaxes entre todo o persoal, docente e non docente. (Item E4*)				**Acadado**	
Responsable:	Dirección				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Si/Non está definida unha canle de comunicación interna dixital que permita o intercambio de mensaxes entre todo o persoal, docente e non docente.					
Valor de partida	Non está definida					
Valor previsto e data	Si está definida			30 de setembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO7.1: Crear un grupo de traballo para debater e elixir a canle idónea de mensaxería entre todo o persoal do centro	Director/a	30 de setembro	Ferramentas institucionais de comunicación interna: espazo ABALAR, aula virtual, correo corporativo (uso grupal). Acta de constitución do grupo de traballo e acordos tomados.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

*E4: Comunicación coa comunidade educativa

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Pedagoxía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 8	Poñer en práctica o uso da ***"canle de comunicación"*** elixida para o intercambio de mensaxes entre o persoal docente/non docente (Item E4*)				**Acadado**	
Responsable:	Dirección				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	% de mensaxes respostadas por parte do persoal docente e non docente no prazo dunha semana durante o trimestre de proba.					
Valor de partida	0 % de mensaxes respostadas por parte do persoal docente e non docente no prazo dunha semana durante o trimestre de proba					
Valor previsto e data	80% de mensaxes respostadas por parte do persoal docente e non docente no prazo dunha semana durante o trimestre de proba.			31 de marzo de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO8.1: Difusión entre o persoal docente/non docente da canle a empregar e detección de necesidade de formación	Director/a	15 de setembro de 2022	Documentación da sesión de Claustro inicial de curso. Documentación da reunión inicial de curso co persoal non docente		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Sesión de formación para o persoal docente/non docente sobre o uso desa canle	Xefe/a de Estudos Secretario/a	30 de setembro de 2022	Persoa do centro formadora. Documentación da sesión de formación. Canle elixida.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Testar a canle elixida mediante a medición do nº de mensaxes respostados antes dunha semana durante un trimestre.	Director/a	31 de marzo de 2023	Canle elixida Mensaxes/avisos habituais empregando esta canle.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

*E4: Comunicación coa comunidade educativa

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Pedagoxía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 9	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante o uso da ferramenta AbalarPro (Item E4*)				**Acadado**	
Responsable:	Equipo directivo				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións ás familias a través do sistema AbalarPro (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida	15 - 20 % dos titores					
Valor previsto e data	75 - 80% dos titores			Fin do 3º trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO9.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre o programa AbalarPro	Equipo directivo	31 de outubro de 2022			**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras na ferramenta AbalarPro	Profesorado do grupo de traballo	20 de decembro de 2022	Dispositivos móbiles		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: Potenciar o uso de AbalarPro mediante o envío de notificacións periódicas	Persoas titoras	20 de xuño de 2023	Dispositivos móbiles		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

*E4: Comunicación coa comunidade educativa

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Pedagoxía (F)						
OBXECTIVO 10	Adaptar contidos dixitais para a atención do alumnado con nee na Aula Virtual do centro (Item F1*)				**Acadado**	
Responsable:	Departamento de orientación				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Número de contidos dixitais adaptados por materia					
Valor de partida	0 contidos adaptados nas materias					
Valor previsto e data	5 contidos adaptados por materia como mínimo			20 de decembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO10.1: Reunión do departamento de orientación para a selección das competencias nas que se fará a adaptación	Orientador/a	30 de setembro de 2022	Aportación de ideas dos asistentes. Acta de reunión. Curso Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO10.2: Reunión do departamento de orientación co equipo docente para a selección de contidos a adaptar e publicación destes na Aula Virtual	Xefe/a de estudos	31 de outubro de 2022	Competencias seleccionadas na reunión anterior. Programacións das materias. Acta de Reunión. Curso Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO10.3: Modificación dos contidos seleccionados	Xefe/a de estudos	20 de decembro de 2022	Ferramentas dixitais específicas: tradutor, …		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

*F1: Adaptación ás necesidades do alumnado.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO 11	Empregar os libros de cualificación en contornas Moodle (Item G1*)				**Acadado**	
Responsable:	Xefe/a de estudos				**Non acadado**	
Indicador de obxectivo	Porcentaxe de cursos nos que se levou a cabo a cualificación de tarefas e probas de avaliación propostas a través da contorna Moodle (Instrumento: cuestionario)					
Valor de partida	5% dos cursos da aula virtual					
Valor previsto e data	50% dos cursos da aula virtual			31 de marzo de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO11.1: Formar en avaliación e emprego do libro de cualificacións en cursos Moodle a través dun PFPP	Dirección	30 de setembro de 2022	Convocatoria do PFPP		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.2: Crear categorías e subcategorías para a xestión das cualificacións	Profesorado	20 de decembro de 2022	Aula virtual do centro Cursos de cada materia participante e criterios de cualificación destas		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.3: : Incluír tarefas e probas nas categorías e subcategorías do libro de cualificacións, e cualificar	Profesorado	31 de marzo de 2023	Aula virtual do centro Actividades das materias		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

*G1: Avaliación das capacidades

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

Área de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 12	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado para analizar a fiabilidade da información (Item H5*)				**Acadado**	
Responsable:	Persoas titoras de cada grupo				**Non acadado**	
Indicador do obxectivo	Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade da información					
Valor de partida	0 sesións					
Valor previsto e data	4 sesións			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO12.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información	Titor/a grupo	30 de setembro de 2022			**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.2: : Elaborar unha rúbrica que se utilizará para analizar a información	Titor/a grupo	31 de marzo de 2023			**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.3: Elaborar dous retos con información de diferentes sitios web para valorar a súa veracidade por parte do alumnado coa rúbrica xerada	Titor/a grupo	20 de xuño de 2023	Rúbrica creada.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

*H5: Verificar a calidade da información

Axuda para completar as táboas:

(1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

a. **Específicos** (**S**pecific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;

b. **Medibles** (**M**easurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;

c. **Alcanzables** (**A**chievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;

d. **Relevante** (**R**elevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;

e. **Definidos** no tempo (**T**ime bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conexto da avaliación do Plan, se reflictirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) **RESPONSABLES**: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) **DATA PREVISTA FIN**: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) **RECURSOS NECESARIOS**: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) **ESTADO:** Permite reflictir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Na seguinte táboa indicamos as necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, **establecendo en cada caso a finalidade** para a que se precisan ditas melloras.

Uso do espazo	Infraestrutura de conectividade: rede wifi, rede por cable, telefonía ...	Infraestrutura de equipamento dixital (indicar proxectos)	Estado actual 2.1	Necesidades futuras 3.2
Conexión de rede	Rede por cable		Velocidade media de 50 Mbps	Máis de 200Mbps
Equipamento con Móbilidade (carros ...)			Non temos carro cargador	Ter carro cargador
Aulas dixitalizadas				
Infantil		PDI Orden. portátil	Fallo lámpara canón PDI Ordenador obsoleto	Cambio de PDI Cambio de ordenador
1º Ciclo Primaria		PDI Orden. sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador
2º Ciclo Primaria		PDI Orden. sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador
1º ESO E-Dixgal		PDI Orden. portátil		
2º ESO		PDI Orden. portátil		
3º ESO		PDI Orden. portátil		
4º ESO		PDI Orden. portátil	Ordenador non actualizado	Cambio de ordenador
Xestión e administración				
Despacho de dirección		Orden. Sobremesa Impresora	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Despacho de xefatura de estudos		Orden. Sobremesa Impresora	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Despacho de secretaría		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias

		Impresora		
Administración		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Biblioteca				
Xestión		Orden. Sobremesa Impresora	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Consulta		Orden. portátil	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador
Sala de profesorado				
Posto 1		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 2		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 3		Orden. Sobremesa Impresora	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
LaboratoriosDepartamentos				
Laboratorio Bioloxía		Canón Orden. sobremesa	 Ordenador obsoleto	Cambio a PDI Cambio a ordenador portátil
Taller de Tecnoloxía		PDI Orden. sobremesa	PDI no actualizada Ordenador obsoleto	Cambio de PDI Cambio a ordenador portátil
Aula de Reforzo		 Orden. sobremesa	 Ordenador obsoleto	Instalación PDI Cambio a ordenador portátil
Aula de informática				
Posto Profesor		Canón Orden. Sobremesa	 Ordenador obsoleto	Cambio a PDI Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 1		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 2		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 3		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 4		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias

Posto 5		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 6		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 7		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 8		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 9		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Posto 10		Orden. Sobremesa	Ordenador obsoleto	Cambio de ordenador para videoconferencias
Salón de actos				
Salón de actos		Canón Orden. sobremesa	 Ordenador obsoleto	Cambio a PDI Cambio a ordenador portátil
Necesidades de servizos educativos para a docencia				
• Nube onde compartir documentación • Correo electrónico para o alumnado • Caderno para o profesorado • Repositorio de vídeos • Blog				

4. Avaliación do plan

É o procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, teremos:

- **Avaliación procesual.**
Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. A frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre.

- **Avaliación final.**
Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora. A frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano.

5. Difusión do plan

A estratexia ou protocolo definido para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa será a través da páxina web do centro e no panel de anuncios disposto na entrada do centro.